

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto a prestación dun conxunto de atencións ás persoas y/ou unidades de convivencia, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu entorno habitual, especialmente naqueles casos nos que teñan limitada a súa autonomía persoas ou outras situacións de risco social para as que resulte idóneo.

Trátase dun servizo xa afianzado neste concello, cuxo inicio se remonta á década dos 80 na modalidade de libre concorrència e ao ano 2008 coa aprobación da Lei de dependencia, se amplía á modalidade de dependencia.

Réxime xurídico

A normativa que regula o servizo de axuda no fogar é a seguinte:

- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG n.º 63 do 30/03/2012). Deroga os artigos 13.1, 17, 18 e o punto primeiro da disposición transitoria da Orde do 22 de xaneiro de 2009. Modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, DOG n.º 228 do 27/11/2014.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG n.º 22 do 2/02/2009).
- Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia. (DOG n.º 109 do 9/6/2023).
- Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Ferrol.
- Ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar.

Ámbito competencial

A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local recoñecía tradicionalmente aos municipios a competencia, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, en materia de prestación de servizos sociais.

Coa modificación xurdida nesta Lei ao aprobarse a Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, suprímese a ampla referencia aos “servizos sociais” como sector propio da actuación municipal pola materia máis concreta de “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”.

A Disposición adicional cuarta, punto primeiro da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizo sociais establece que *“As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, de saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, Orde do 2 de xuño*

de 2023 pola que se modifica ou módulo de financiamento do servizo de axuda non fogar a persoas en situación de dependencia. (DOG nº 109 do 9/6/2023) aen particular: o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma”.

Por outra banda, o artigo 27,23ª do Estatuto de Autonomía de Galicia reconece á CCAA galega a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

En uso desta competencia exclusiva o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.

O artigo 60 desta Lei, relativo ás competencias dos Concellos, establece que, dentro do marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a aqueles correspóndelles, a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais básicos.

Formas de xestión do SAF

En relación ás formas de xestión deste servizo o artigo 29 da Lei 13/2008, dispón que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: xestión directa, xestión indirecta, concerto social e convenios con entidades sen ánimo de lucro.

O Concello de Ferrol prestou sempre este servizo de forma directa acudindo á modalidade de contratación externa desde finais dos anos 80 e na modalidade de dependencia desde o 2008 coa aprobación da Lei de dependencia.

Necesidade de contratación

A necesidade do contrato do servizo de axuda a domicilio deriva da existencia dunha demanda real e da propia normativa de servizos sociais.

A lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia recolle en:

- O artigo 11.f) “A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación”
- O artigo 20.1.a) “*A protección social das persoas, con capacidade de obrar limitada, que se atopan en situación de conflito ou desamparo.*”
- O artigo 20.1.c) “*A atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial*”
- O artigo 20.1.d) “*A axuda no fogar, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia na súa contorna habitual*”
- O artigo 20.2 establece que os servizos e actuacións descritos nos puntos 20.1a) terán carácter esencial. Tamén terán carácter esencial os servizos e actuacións establecidos nas letras c e d, previa correspondente valoración técnica cando se trate de persoas con déficit de autonomía persoal incluídas no sistema de atención á dependencia.

Mediante este contrato preténdese continuar prestando o servizo de axuda a domicilio no Concello de Ferrol, @teniendo en cuenta que se trata dunha prestación básica de Servizos Sociais que permite manter ás persoas beneficiarias na súa propia contorna.

A licitación deste contrato vén dada pola especialización do servizo para realizar, consistente na atención de persoas con graos de dependencia I, II e III, (modalidade de dependencia) e ás persoas e/ou unidades de convivencia que, sen ter recoñecido grao (modalidade de libre concorrência) atópanse nunha situación sanitaria, e socio-familiar que require duns servizos de atención continuada dos que non dispón este Concello.

Por outra banda, e respecto da situación do contrato actualmente vixente para a prestación do SAF, cabe informar que se atopa en situación de segunda prórroga, polo que resulta necesario e urgente, iniciar unha nova contratación co fin de dar continuidade ao servizo.

Insuficiencia de medios

O Concello de Ferrol non dispón de medios materiais, técnicos nin persoais propios necesarios para realizar os traballos inherentes á prestación deste servizo público. Por este motivo, e como xa se dixo, desde a súa posta en marcha optouse pola contratación externa para a realización dos traballos obxecto desta prestación. Esta situación de insuficiencia de medios mantense actualmente.

Motivos para a non división en lotes do obxecto do contrato

En aplicación do artigo 99.3 dá LCSP non se procederá á división en lotes posto que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e organizativo.

A administración de recursos e a coherencia na toma de decisións que require a prestación do servizo son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato. Así mesmo o compoñente de unidade tamén se basea na aplicación de mesmos métodos, protocolos e sistemas que elevan o nivel de eficiencia do servizo coa prestación nun único lote.

De igual modo, a prestación dos diferentes servizos do contrato execútase por medio de traballadores que realizan o seu horario de traballo nas diferentes actividades e domicilios, polo que a posibilidade de adxudicación dos servizos a diferentes operadores económicos conlevaría unha división e un menoscabo nas condicións laborais dos/as traballadores/as do servizo; e complicaría a distribución e organización do traballo entre as diversas entidades adxudicatarias á hora de distribuír o mesmo nun único ou en varias zonas ao mesmo tempo.

É obxectivo do órgano de contratación garantir o bo funcionamento do servizo, e considera que a posibilidade da división por lotes implica, para o persoal de coordinación unha falta de capacidade de organización do servizo debendo exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito ao servizo limitada ao persoal contratado polo seu mesma adxudicataria e no seu lote. A división implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre as empresas polo que supoñería un incremento na partida orzamentaria da Administración destinada a este contrato.

A división do contrato por lotes menoscaba a economía de escala, dimensión crítica e optimización de recursos. Trátase dunha distribución e asignación técnico-económica do servizo con serias dificultades para realizala de forma proporcional e coherente.

Queda xustificado por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarán a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico, organizativo e económico, ademais de que a dimensión dos recursos empregados non o aconsella.

En resumo, en consideración ás prestacións do contrato, non se realizará a división en lotes xa que resulta evidente que os servizos a realizar teñen para o Concello de Ferrol unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións permiten a realización nun único lote do servizo. E declárase, ademais, que a posibilidade da división por lotes implica, para o persoal de coordinación unha falta de capacidade de organización do servizo ao poder, esta figura, exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito unicamente ao servizo no seu lote.

Contratos de prestacións directas á cidadanía

Para os efectos previstos no artigo 312 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, infórmase que o réxime xurídico e económico do contrato para a prestación do servizo de axuda a domicilio estará formado pola normativa reguladora do servizo de axuda a domicilio (enumerada no apartado de réxime xurídico), polo prego de cláusulas administrativas particulares e polo prego de prescricións técnicas particulares.

Información sobre o persoal susceptible de ser subrogado

Aos traballadores adscritos ao servizo de axuda no fogar do Concello de Ferrol lles resulta aplicable o II Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA nº 31 de 16.02.2010) cuxo artigo 15 regula a subrogación do persoal.

En cumprimento do establecido no artigo 130 LCSP, inclúese no Prego de Prescricións Técnicas o litado de persoal adscrito ao servizo facilitado pola empresa que actualmente presta o servizo, sen que o órgano de contratación se responsabilice da exactitude, completitude ou veracidade dos datos subministrados.

Protección de datos

O presente contrato implica o acceso polo contratista de datos de carácter persoal de cuio tratamento é responsable o Concello de Ferrol coa exclusiva finalidade de levar a cabo os servizos de axuda a domicilio contemplados no mesmo.

En consecuencia, o contratista queda suxeito á normativa nacional e europea en materia de protección de datos de carácter persoal, en particular, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais; Real Decreto -Lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE.

A documentación e a información que se desprenda ou á que se teña acceso con ocasión da execución das prestacións obxecto do contrato e que corresponde á Administración contratante responsable do fichero de datos persoais, ten carácter confidencial e non poderá ser obxecto de reprodución total ou parcial por ningún medio ou apoio.

Ferrol,

A xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude
Laura López González